

- 
- Coral Polifónica de Palas de Rei
  - Coral Polifónica de Meira
  - Asociación Cultural Orfeón Xoán Montes

**LETRAS GALEGAS 2022**



# Festival de corais

Casa da Cultura de Palas de Rei,  
**14 MAIO 2022 ás 20:00H.**

Coral Polifónica de Palas de Rei

**Velaí vai**

Fco. Rey Rivero.

**Vento mareiro**

Fco. Rey Rivero

**A beira do lume**

M. Valverde

**Popurri galego**

Ángel Viro

Coral Polifónica de Meira

**Río Miño**

Letra Avelino Díaz; Música: Pablo Rico

**Só Sei Namorarme De Ti**

George Weiss, Hugo Peretti e L. Creatore

Letra en galego: Pablo Rico

**Foliada de Nadela**

Fuxan Os Ventos/Har. Pablo Rico

**Aleluia**

Leonar Cohen; Letra en galego: Pablo Rico

A. C. "Orfeón Xoán Montes"

**Pandeirada de Ourense**

Manuel de Dios

**O afiador**

Santiago Valdez


**Camariñas**

Arm. Pablo Rico

**Voga, voga**

Arm. Pablo Rico

CONXUNTO: **HIMNO GALEGO**



CORAL POLIFÓNICA  
DE PALAS DE REI

Colabora:



**FESTIVAL DE CORAIS**

Letras Galegas 2022



Florencio Manuel Delgado-Gurriarán

Coral Polifónica de Palas de Rei  
Coral Polifónica de Meira  
A. C. "Orfeón Xoán Montes"

### *Coral Polifónica de Palas de Rei*

Nace por iniciativa dun grupo de amigos afeccionados á música, co apoio económico do Concello, comezando a súa andaina no outono do ano 2001 baixo a dirección de D<sup>a</sup> Dolores Carrera Villasante.

A presentación oficial ten lugar o 25 de novembro de 2001 na igrexa parroquial de Palas de Rei, sendo apadriñada pola Coral Polifónica de Taboada.

Nos inicios comeza dirixíndoa D<sup>a</sup> Dolores Carrera Villasante que posteriormente será relevada por Pablo Pereze D. Valery Moriatov até que no ano 2010 retoma a labor docente e directora D<sup>a</sup> Dolores Carrera Villasante e se mantén até actualidade.

No seu recorrido musical figuran actuacións por distintas vilas e cidades de Pontevedra, A Coruña, Lugo, Jarandilla de la Vega (Cáceres), etc.

Tamén participou en mostras de corais, concertos de panxoliñas, romaría coral do Xacobeo en Santiago, Maio Cultural e no programa "Musiqueando" da Deputación de Lugo.

Na actualidade a coral está composta por 30 voces mixtas que interpretan un variado repertorio que vai dende habaneras até música tradicional pasando por cantos relixiosos.

Directora: D<sup>a</sup> Dolores Carrera Villasante

### *Coral Polifónica de Meira*

Nace no ano 2018 baixo a dirección de D. Pablo Rico Echegaray, celebrando o primeiro concerto oficial no Nadal dese mesmo ano.

Na seu recorrido musical figuran os festivais de corais de nadal de Meira, o festival de corais de Riotorto, o festival de primaveira de Lugo, os concertos das letras galegas coa Banda de Meira ou coa interpretación de dúas obras con recoñecido músico Carlos Núñez no verán de 2019.

Actualmente a coral é membro de FECOGA e conta con 25 voces mixtas e interpretan un repertorio variado con moitas versións e obras propias.

Director: D. Pablo Rico Echegaray

### *A. C. "Orfeón Xoán Montes"*

Nace en Lugo por D. Enrique Alvarellos polo ano 1982, coa finalidade de interpretar canto coral só para voces graves. Pola súa singularidade foi a primeira coral en recibir o "Master Honorífico a Popularidade" no ano 1989. Anos despois será relevado por D. Miguel Angel Mouriz Lamas que continuou coa mesma liña de interpretación aínda que engadindo novas obras axeitadas o seu estilo.

Nesta etapa comeza a celebración dos "Concertos de Outono" e danse concertos en toda a Comunidade Galega, País Vasco, Asturias, Castela a Mancha e La Rioja.

No ano 2013 faise cargo da dirección D<sup>a</sup> Elisabet Filgueira Gesteira diplomada en educación musical e titulada superior na especialidade de canto e violín.

Nesta etapa o Orfeón segue a celebrar os "Concertos de Outono" e pola súa iniciativa, comeza a celebración dos Concertos Solidarios "Polifonía por Kilos" coa colaboración do resto de coros de Lugo, así como a celebración do "Día das Letras Galegas", patrocinado polo Concello de Lugo. Tamén, dando concertos e intercambios na nosa Comunidade, País Vasco, Castela León e Portugal.

No ano 2021, Dña Elisabet Filgueira pásalle o testigo o noso actual director D. Pablo Rico Echegaray.

Director: D. Pablo Rico Echegaray